

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

8192 *Real decreto 578/2013, do 26 de xullo, polo que se establecen medidas de acción positiva aplicables ás persoas con discapacidade que participen nas convocatorias anuais de probas selectivas para o acceso a prazas de formación sanitaria especializada, en desenvolvemento do artigo 22.3 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias.*

A Lei 26/2011, do 1 de agosto, de adaptación normativa á Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade, a través do seu artigo 10 modifica o artigo 22.3 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, coa finalidade de incorporar medidas de acción positiva respecto ao tratamento que nas convocatorias anuais de probas selectivas para o acceso a prazas de formación sanitaria especializada se debe dar ás persoas con discapacidade que participen nelas.

O artigo 22.3 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, establece que polo menos un 7% da totalidade das prazas ofertadas en cada convocatoria poida ser cuberto por persoas con discapacidade, sempre que teñan tal condición legal, superen o proceso selectivo de que se trate e acrediten que a súa discapacidade é compatible co desempeño das funcións correspondentes á especialidade a que se opta.

Este real decreto someteuse ao preceptivo informe da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, así como ao do Consello Nacional da Discapacidade e do Consello Nacional de Especialidades en Ciencias da Saúde. Tamén emitiu informe o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Así mesmo, consultáronse as comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía e deuse audiencia aos sectores afectados.

Esta norma dítase en desenvolvemento do previsto no artigo 22.3 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, e ao abeiro do disposto no artigo 149.1.30.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para regular as condicións de obtención, expedición e homologación de títulos profesionais.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de xullo de 2013,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto desenvolver o artigo 22.3 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, para que nas convocatorias anuais de probas selectivas para o acceso a prazas de formación sanitaria especializada se fagan efectivas as medidas de acción positiva que garantan que polo menos o 7% da totalidade das prazas ofertadas en cada unha delas poida ser cuberto por aspirantes que teñan a consideración legal de persoas con discapacidade recoñecida, nos termos previstos por esa lei.

2. O previsto neste real decreto enténdese sen prexuízo das medidas necesarias para que, tanto nas probas de acceso coma nos postos en que se formen as persoas con discapacidade adxudicatarias de prazas en formación, se leven a cabo as adaptacións, os axustes razoables ou os apoios complementarios e as ampliacións de tempos que procedan, segundo as características e o grao de discapacidade do interesado.

Artigo 2. Determinación da oferta de prazas en formación que se incluírán en cada convocatoria.

A Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, con suxeición ao procedemento previsto no número 5 do artigo 22 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, fixará, en cada convocatoria anual de probas selectivas para o acceso a prazas de formación sanitaria especializada, a distribución da oferta de prazas derivada da aplicación do 7% antes citado, entre as distintas titulacións ou grupo destas que poden participar en tales probas.

Artigo 3. Participación nas probas selectivas.

1. Os aspirantes que fagan constar na súa solicitude que se acollen á quenda de persoas con discapacidade non poderán cambiar de quenda, polo que se incluírán nas relacións provisionais e definitivas de admitidos, de resultados e de adxudicatarios de praza, coa indicación desta quenda.

2. Ás persoas con discapacidade que obteñan un título de especialista en Ciencias da Saúde polo sistema de residencia tras se acolleren á quenda de persoas con discapacidade prevista neste real decreto e participen en probas selectivas posteriores para accederen a outro título de especialista polo dito sistema, non lles será de aplicación a porcentaxe do 7% das prazas ofertadas que se asignen a persoas con discapacidade en tales convocatorias, salvo que a resolución de recoñecemento do grao de discapacidade fose posterior á obtención do título de especialista de que se trate.

Artigo 4. Proba selectiva.

Sen prexuízo do previsto no artigo 1.2, os exercicios que se realicen, os criterios de cualificación destes, a puntuación necesaria para entendelos superados e a avaliación, de ser o caso, dos méritos académicos e profesionais serán iguais para todos os aspirantes da mesma titulación, calquera que sexa a quenda, ordinaria ou para persoas con discapacidade, pola cal participen na correspondente proba selectiva.

Artigo 5. Adxudicación de prazas e incorporación a estas.

1. Iniciados os actos de adxudicación de prazas de cada convocatoria, as persoas con discapacidade comezarán a súa elección xunto cos demais aspirantes, de acordo coa orde decrecente da puntuación total individual obtida por cada aspirante na correspondente proba selectiva.

Con todo, os actos de adxudicación suspenderanse para os aspirantes que participen pola quenda ordinaria cando aínda haxa persoas con discapacidade sen praza e falte por adxudicar un número destas que permita ofertar as que correspondan á quenda de persoas con discapacidade, en cada titulación ou grupo destas.

2. As prazas non adxudicadas tras as actuacións anteriores acumularanse á quenda ordinaria da mesma convocatoria, e continuarán os actos de adxudicación de prazas unha vez concluídas as actuacións que se citan no número anterior, mediante un novo chamamento que se publicará na páxina web do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

Artigo 6. Compatibilidade co desempeño da praza adxudicada e asignación de itinerarios formativos.

1. A compatibilidade das condicións físicas, psíquicas e sensoriais do adxudicatario de praza pola quenda de persoas con discapacidade co desempeño das funcións correspondentes á praza en formación da especialidade pola cal optase acreditarase, mediante a superación no Servizo de Prevención de Riscos Laborais que en cada caso corresponda, do exame médico que, con carácter xeral, se prevé para todos os adxudicatarios de praza no artigo 2.4 do Real decreto 1146/2006, do 6 de outubro, polo

que se regula a relación laboral especial de residencia para a formación de especialistas en Ciencias da Saúde.

Cando os servizos de prevención de riscos laborais o coiden pertinente, poderán solicitar, con carácter previo á conclusión do exame médico antes mencionado, informe dos órganos competentes en materia de valoración da discapacidade que en cada caso corresponda.

2. Cando a incorporación das persoas con discapacidade á praza que lles foi adxudicada requira condicións específicas de accesibilidade ao centro ou de xornada, aplicarase o disposto na disposición adicional segunda do Real decreto 1146/2006, do 6 de outubro.

3. Os xefes de estudos das diferentes unidades docentes darán preferencia no proceso de asignación dos itinerarios formativos ás persoas con discapacidade que fosen adxudicatarias de praza por esta quenda, sempre que a mencionada preferencia teña como finalidade facilitar que o itinerario e os períodos de rotación polos distintos dispositivos que integran a unidade docente se adecuen ás características propias de cada persoa con discapacidade.

Disposición adicional única. *Normativa aplicable ás convocatorias previstas neste real decreto.*

Sen prexuízo das previsións deste real decreto, a participación de persoas con discapacidade nas probas selectivas para o acceso a prazas de formación sanitaria especializada rexerá, nos termos que se establezan en cada orde de convocatoria, pola normativa aplicable con carácter xeral ás citadas probas, segundo o previsto na Orde do 27 de xuño de 1989, pola que se establecen as normas reguladoras das probas selectivas para o acceso a prazas de formación sanitaria especializada, e pola disposición transitoria quinta do Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, polo que se determinan e clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde e se desenvolven determinados aspectos da formación sanitaria especializada.

Así mesmo, a organización, a supervisión, o desenvolvemento e a avaliación do período formativo dos residentes adxudicatarios de praza pola quenda de persoas con discapacidade adecuaranse ao previsto con carácter xeral no capítulo III da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, e nas súas normas de desenvolvemento.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.30.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para regular as condicións de obtención, expedición e homologación de títulos profesionais.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

Autorízase o titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para adoptar as medidas necesarias para dar cumprimento ao previsto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial do Estado».

Dado en Madrid, o 26 de xullo de 2013.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade,
ANA MATO ADROVER